

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS,
EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 17 DE NOVEMBRO DE 2023**

PRESIDENTA: D^{ña}. MARIA ISABEL COUSELO TORRES

PRESID. SUPLENTE: D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

VOGAIS:

D. JAVIER TOURÍS ROMERO en substitución de

D^{ña}. Marta Fernández-Tapias Núñez

D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

D^{ña}. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA

D^{ña}. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ

D. CARLOS LÓPEZ FONT

D. CARLOS GÓMEZ PRADO

D^{ña}. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO

D^{ña}. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce horas e trinta minutos do día 17 de novembro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión María Isabel Couselo Torres e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-Aprobación da acta da sesión anterior (20 de outubro de 2023).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión extraordinaria de 20 de outubro de 2023.

2.- Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello das Neves do treito inicial da EP 4204 As Neves – Estación. (Expediente 2022064519).

A Comisión ditamina favorablemente, cos votos a favor do grupo provincial do Partido Popular (PP) e do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e coa abstención do grupo provincial do Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello das Neves do treito inicial da estrada provincial E.P. 4204 As Neves - Estación.

3.-Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello do Grove de catro treitos antigos da EP 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente. (Expediente 2022004053).

A Comisión ditamina favorablemente, cos votos a favor do grupo provincial do Partido Popular (PP) e do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e coa abstención do grupo



provincial do Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), a aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello do Grove de catro treitos antigos da estrada provincial EP 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente.

4.- Rogos e preguntas.

O deputado provincial D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo pregunta porqué o asunto “*Aprobación do expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun acordo marco que regule a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (expedientes 2023069184 e 2023036794)*” ditaminouse na Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda e non na de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade. A Presidenta da Comisión, María Isabel Couselo Torres, Infórmalle que se consideraba máis convinte a tramitación pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda.

Unha vez finalizan as Comisións Informativas os secretarios de ambas Comisións informan ao Deputado provincial das particularidades deste contrato (Suxeito a Regulación Armonizada polo importe do mesmo) e que se ditaminou na Comisión de Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda por motivos organizativos e de operatividade interna.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

